



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. Corresponde renovar no presente proceso electoral a **1 PAS** que debe ter o Consello Escolar.
2. A votación para a elección de representantes de PAS no Consello Escolar será o vindeiro venres **15 de novembro de 09:35 h a 10:00 h.**
3. A mesa electoral estará integrada pola directora, que actuará como presidenta, o secretario e o membro do citado persoal de maior idade.
4. O voto será directo, secreto e non delegable, facendo constar na papeleta o nome da persoa á que se lle outorga a representación.
5. Os modelos de papeletas da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.

É elixible todo o persoal de administración e servizos que formule a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 12:00 horas do citado día **8 de novembro**.

6. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Valdoviño, 30 de outubro de 2024

A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Tania Mª Ruanova Suárez